

SAGA

É estraño nunha literatura, máis aínda se non está normalizada, contar cunha familia que vertebre a súa etapa poética contemporánea como acontece coa saga que comeza Emilio Álvarez Giménez e pechan, polo de agora, os irmáns Álvarez Cáccamo, mais onde destacan Xerardo Álvarez Limeses, Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez ou Emilio Álvarez Negreira. Así, a *Escolma de familia* que vén de editar Xerais -prologada por Xavier Rodríguez Baixeras- homenaxea o labor inxente e comprometido deste grupo de poetas -tamén narradores e ensaístas- na consecución dunha nova vitalidade para as nosas letras e recorda o centenario da primeira obra publicada por un Álvarez. **T.S.**

Tempos Novos, 53, outubro 2001, p. 73